

INFORME DE ENXEÑERÍA – PLAN DE TRÁFICO

En virtude da solicitude realizada por **CLUB ESCUDERÍA MIÑO LUCENSE (G-27515717)** con motivo da celebración da **“46º RALLYE DE SAN FROILÁN 2024”** dende o próximo venres 18 ata o domingo 20 de Outubro de 2024. O fin de permitir a ocupación precisa en condicións de seguridade tanto para organización e participantes como para usuarios da zona de influencia, elaborase o presente informe de Condicións de Tráfico e Seguridade para a disposición do parque pechado para vehículos participantes en Avenida Ramón Ferreiro, Praza Horta do Seminario, Avenida Rodríguez Mourelo e Rúa Salvador de Madariaga. E para as verificacións técnicas dos mesmos en Rúa dos Canteiros (Polígono do Ceao), precisando reserva de zona de estacionamento.

Antecedentes Administrativos:

Ocupación de vía pública por proba deportiva **“46º RALLYE DE SAN FROILÁN 2024**. Proba automobilística, que pertence o Campionato Galego de Rallyes 2024

Data de celebración: **Venres 18, Sábado 19 e Domingo 20 de Outubro de 2024**

Peticionarios:

CLUB ESCUDERÍA MIÑO LUCENSE (G-27515717)

Rúa das Leiteiras 8 - Polígono Industrial do Ceao

27003 LUGO

Tlf: 663 127 161

e-mail: ralisanfroilan@gmail.com

CONCELLERÍA DE DEPORTES DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

Necesidades de ocupación:

- CERIMONIA DE SAÍDA DO RALLYE - Praza Horta do Seminario
- PARQUE PECHADO PARA VEHÍCULOS PARTICIPANTES - Avenida Ramón Ferreiro, Praza Horta do Seminario, Avenida Rodríguez Mourelo e Rúa Salvador de Madariaga
- ZONA ESPERA PARA ACCESO DE PARTICIPANTES A PARQUE CERRADO - Avenida Alcalde Anxo López Pérez
- ZONA RESERVADA PARA VERIFICACIÓNS TÉCNICAS, Rúa dos Canteiros (Pol. do Ceao)
- RESERVA ZONA DE ESTACIONAMENTO - Rúa Catasol
- RESERVA ESTACIONAMENTO para VEHÍCULOS DE EMERXENCIA en Aparcamento do Edificio Administrativo do Seminario

1. CERIMONIA DE SAÍDA DO RALLYE - Praza Horta do Seminario:


Realizarase o venres 18/10/2024 na Praza Horta do Seminario, as 21:00 horas.

Iniciarase a montaxe da infraestrutura de saída e podium as 08:00 horas do venres 18. O desmontaxe da mesma podería prolongarse ata o luns 21/10.

2. PARQUE PECHADO PARA VEHÍCULOS PARTICIPANTES - Avenida Ramón Ferreiro, Praza Horta do Seminario, Rúa Salvador de Madariaga e Avenida Rodríguez Mourelo.

A ubicación do parque pechado de vehículos participantes comprende a Praza Horta do Seminario, Avenida Ramón Ferreiro, e Rúa Salvador de Madariaga.


A Avenida Rodríguez Mourelo estará habilitada para o estacionamento de vehículos de prensa e da organización da proba.



O xoves 17/10 realizarase a descarga de valos nas proximidades da zona de ocupación, para poder empezar a dispoñelos por parte da organización, no perímetro do parque pechado de vehículos, o venres 18/10 dende ás 10:00 horas.

As zonas de estacionamento englobadas neste parque de vehículos pechado, deberán quedar liberadas dende as 23:59 horas do xoves 17/10, comprendendo:

- Avenida Ramón Ferreiro, dende Rúa Celso Emilio Ferreiro ata Glorieta Xoaquín Lorenzo.
- Rúa Salvador de Madariaga, dende Avenida Ramón Ferreiro ata acceso de Aparcamiento Público e pasaxe do inmoible do número 16.
- Avenida Rodríguez Mourelo, ambas marxes de carril de sentido de circulación dende Praza Avilés ata Avenida Ramón Ferreiro.



O tránsito de vehículos habitual pola zona, quedará habilitado ata as 19:00 horas do venres 18/10. Horario de peche do tráfico rodado, xa que dende as 19:40 horas empezarán a chegar xa vehículos da caravana de seguridade e participantes do Rallye.

A zona e o parque de participantes permanecerá pechado toda esta noite ata a saída do último vehículo participante programada para as 10:50 horas do sábado pola mañá. Momento onde o tránsito de vehículos poderá ser restablecido na zona, en coordinación **da organización do evento co Xefe de Quenda da Policía Local**. Podéndose restablecer o tráfico, se as circunstancias o permiten, aproximadamente dende as 12:00 horas ata as 19:00 horas de ese sábado 19/10.

O sábado ás 20:05 horas volverán a chegar vehículos da caravana de seguridade e vehículos de competición á zona. Así, volverase a pechar a totalidade da zona ocupada, a partir das 19:00 horas, ata a finalización da proba e entrega de premios. Liberación de espazos estimada ás 04:00 horas do domingo 20/10, cando restablecerase o tránsito de vehículos e procederase á apertura do tráfico, quedando liberada totalmente a zona de ocupación.

Os valos da zona perimetral do recinto sen ter afección ao tráfico rodado, retiraranse ó longo da mañá do domingo 20, por parte da organización.


O acceso dos participantes ao parque pechado de vehículos será polas rúas: Avenida de Madrid, Avenida Ramón Ferreiro, Rúa Celso Emilio Ferreiro, Rúa Dinán, Rúa Cidade de Vigo, e Praza Constitución para entrar no parque en Avenida Alcalde Anxo López, onde se disporá unha zona de espera nas prazas de estacionamento reservadas.

A saída do parque pechado dos participantes na proba será por Avenida Ramón Ferreiro cara a Avenida de Madrid.

3. ZONA ESPERA PARA ACCESO DE PARTICIPANTES A PARQUE CERRADO - Avenida Alcalde Anxo López Pérez

En Avenida Alcalde Anxo López Pérez para dispor zona de espera para entrada de vehículos de competición ao parque pechado de vehículos, será preciso reservar as prazas de estacionamento do marxe esquerdo dende o último vado e o marxe dereito dende o acceso do aparcamento do Edificio Administrativo do Seminario.

Esta reserva será tamén dende as 23:59 horas do xoves 17/10 ata o final da proba, estimada as 4:00 horas do Domingo 20/10.



4. ZONA RESERVADA PARA VERIFICACIÓNS TÉCNICAS, Rúa dos Canteiros (Pol. do Ceao)


As verificacións técnicas dos vehículos participantes no Rallye, realizaranse o venres 18/10/2024 no aparcadoiro interior do Hotel Forum CEAO .

Polo que será necesario a reserva de espazo de aparcamento e prohibición de aparcар vehículos externos á organización e participantes, o venres **18/10/2024** dende ás 05:00 ata as 20:00 horas, no marxe dereito de aparcamento en Rúa dos Canteiros, do Numero 15-19 ao 65-67 (marxe lado Hotel Forum Ceao) Pol. Ind. do Ceao.



5. RESERVA ZONA DE ESTACIONAMENTO Rúa Catasol, para saída autobuses interurbanos


A tenor da necesidade de espazo para xiro e circulación de autobuses interurbanos que fan a súa saída dende a estación de autobuses. Precísase para os seus itinerarios de saída, dende o venres 18/10 ás 12:00 horas a reserva de espazos de estacionamento en Rúa Catasol (CARRIL ESQUERDO dende Carril de Catasol a Rúa Jacinto Calvo Senador).



6. RESERVA ESTACIONAMENTO para VEHÍCULOS DE EMERXENCIA en Aparcamiento Edificio Administrativo do Seminario

Precisase para uso dos servizos de emerxencia a camión de bombeiros a reserva de prazas de estacionamento en Aparcamiento do Edificio Administrativo do Seminario.

Esta reserva será dende as 15:00 horas do venres 18/10 ata o final da proba, estimada as 4:00 horas do Domingo 20/10.



Condicións particulares de sinalización:

En relación as ocupacións descritas, realizarase a reserva de estacionamento e disporanse por medio da Brigada de Sinalización de Excmo. Concello de Lugo diferentes valos con sinalización para que a organización dispoña na ubicación precisa cando se faga efectiva a ocupación e os cortes de tráfico:

Reservas de estacionamento:

- Rúa dos Canteiros, do Numero 15-19 ao 65-67 (marxe lado Hotel Forum Ceao) Pol. Ind. do Ceao: "Prohibido estacionar o venres 18 de Outubro de 2024"
- Avenida Ramón Ferreiro, dende Rúa Celso Emilio Ferreiro ata Glorieta Xoaquín Lorenzo: "Prohibido estacionar dende o xoves 17/10 ás 23:59 h. ata domingo ás 04:00 horas"
- Rúa Salvador de Madariaga, dende Avenida Ramón Ferreiro ata Aparcamiento Público á altura do número 20: "Prohibido estacionar dende o xoves 17/10 ás 23:59 h. ata domingo ás 04:00 horas"

- Avenida Rodríguez Mourelo dende Praza de Avilés ata Avenida Ramón Ferreiro: “Prohibido estacionar dende o xoves 17/10 ás 23:59 h. ata domingo ás 04:00 horas”
- Avenida Alcalde Anxo López Pérez: “Prohibido estacionar dende o xoves 17/10 ás 23:59 h. ata domingo ás 04:00 horas”
- Rúa Catasol: “Prohibido estacionar dende o xoves 17/10 ás 23:59 h. ata domingo ás 04:00 horas”
- Aparcamento do Edificio Administrativo do Seminario: “Prohibido estacionar dende o venres 18/10 ás 15:00 h. ata domingo ás 04:00 horas”

Cortes de tráfico e cambio de sentido de rúas afectadas pola ocupación:

Contemplantase o corte completo do tránsito de vehículos pola zona dende:


Venres 18 ás 19:00 horas ata as 12:00 horas do sábado 19/10.

Sábado 19 ás 19:00 horas ata as 04:00 horas do domingo 20/10

Tendo incidencia nas seguintes rúas:

- Corte de Avenida Ramón Ferreiro, dende Rúa Celso Emilio Ferreiro ata Glorieta Xoaquín Lorenzo.
- Corte de Avenida Rodríguez Mourelo, sentido de circulación dende Praza Avilés a Avenida Ramón Ferreiro.
- Corte de Rúa Salvador de Madariaga, cortarase o paso de vehículos dende Avenida Ramón Ferreiro ata Aparcamento Público e acceso a garaxe do inmovible do número 16.
- Rúa Salvador de Madariaga, disporase de dobre sentido de circulación dende acceso/saída de Aparcamento Público e acceso a garaxe do inmovible do número 16, ata a Rúa Dinán.
- Rúa Irmáns Vilar Ponte e Rúa Doutor Fleming, disporase de dobre sentido de circulación para dar entrada e saída de residentes por Rúa Celso Emilio Ferreiro.
- O tramo de Avenida Ramón Ferreiro, entre Rúa Celso Emilio Ferreiro e a entrada do vado sito no número 19, disporase tamén de dobre sentido de circulación para o acceso de veciños do inmovible.

Disposición de valos e sinalización proporcionada polo Excmo. Concello de Lugo:



Zona	Ubicación	Sinalización
1	Rúa dos Canteiros, do Numero 15-19 ao 65-67 (marxe lado Hotel Forum Ceao) Pol. Ind. do Ceao.	5 valos con sinais R-307 e letreiros con lenda "Prohibido estacionar dende o xoves 17/10 ás 23:59 h. ata venres 18/10 ás 21:00 horas"
2	Rúa Catasol (CARRIL ESQUERDO dende Carril de Catasol a Rúa Jacinto Calvo Senador)	5 valos con sinais R-307 e letreiros con lenda "Prohibido estacionar dende o xoves 17/10 ás 23:59 h. ata domingo 20/10 ás 04:00 horas"
3	Avenida Ramón Ferreiro, dende Rúa Celso Emilio Ferreiro ata Glorieta Xoaquín Lorenzo	5 valos con sinais R-307 e letreiros con lenda "Prohibido estacionar dende o xoves 17/10 ás 23:59 h. ata domingo 20/10 ás 04:00 horas"

4	Rúa Salvador de Madariaga, dende Avenida Ramón Ferreiro ata Aparcamento Público á altura do número 20	3 valos con sinais R-307 e letreiros con lenda "Prohibido estacionar dende o xoves 17/10 ás 23:59 h. ata domingo 20/10 ás 04:00 horas"
5	Avenida Rodríguez Mourelo dende Praza de Avilés ata Avenida Ramón Ferreiro	8 valos con sinais R-307 e letreiros con lenda "Prohibido estacionar dende o xoves 17/10 ás 23:59 h. ata domingo 20/10 ás 04:00 horas"
6	Avenida Alcalde Anxo López Pérez	6 valos con sinais R-307 e letreiros con lenda "Prohibido estacionar dende o xoves 17/10 ás 23:59 h. ata domingo ás 04:00 horas"
7	En acceso a Avenida Ramón Ferreiro dende Rúa Vilaba	1 valo con sinal R-101 (dirección prohibida) e sinal R-400a (sentido obrigatorio a derecha)
8	En Rúa Vilalba	2 valos, un con sinais P-17b (estreitamento de carril á esquerda) e R-301 (limite de velocidade a 20 km/h), e outro valo con sinal R-101 e sinal R-400a (sentido obrigatorio a derecha)
9	En Praza Avilés, acceso a Avenida Rodríguez Mourelo sentido de circulación cara Avenida Ramón Ferreiro	1 valo con sinal R-101 (dirección prohibida coa lenda "EXCEPTO VEHÍCULOS ORGANIZACIÓN RALLY SAN FROILÁN 2024") e sinal R-400b (sentido obrigatorio a esquerda)
10	Intersección e acceso a Avenida Ramón Ferreiro dende Rúa Celso Emilio Ferreiro	2 valos con sinais: R-101 (dirección prohibida coa lenda "EXCEPTO RESIDENTES"), R-400a (sentido obrigatorio a dereita), P-25 (perigo dobre sentido de circulación, S-15a (calzada sen saída) e R-301 (limite de velocidade a 20 km/h).
11	Avenida Ramón Ferreiro sentido de circulación cara a Praza Horta do Seminario, tralo acceso a garaxe do número 19	1 valo con sinal R-101 (dirección prohibida)
12	Acceso a Rúa Irmáns Vilar Ponte dende Rúa Celso Emilio Ferreiro	2 valos con sinais: R-101 (dirección prohibida coa lenda "EXCEPTO RESIDENTES"), R-400a (sentido obrigatorio a dereita), P-25 (perigo dobre sentido de circulación, S-15a (calzada sen saída) e R-301 (limite de velocidade a 20 km/h).
13	Intersección Rúa Doutor Fleming con Avenida Ramón Ferreiro	1 valo con sinal R-101 (dirección prohibida)
14	Rúa Salvador de Madariaga, proximidades acceso o vado do inmobile do número 16	1 valo con sinal R-101 (dirección prohibida)
15	Praza Breñaña, acceso a Rúa Salvador de Madariaga	2 valos con sinais: R-101 (dirección prohibida coa lenda "EXCEPTO RESIDENTES e APARCAMENTO SUBTERRÁNEO"), S-17 (Aparcamento), R-400a (sentido obrigatorio a dereita), P-25 (perigo dobre sentido de circulación, S-15a (calzada sen saída) e R-301 (limite de velocidade a 20 km/h).

16	Rúa Salvador de Madariaga, sentido de circulación cara a Praza Bretaña unha vez pasados as saídas de garaxes	1 valo con sinais P-25 (perigo dobre sentido de circulación e R-301 (limite de velocidade a 20 km/h).
17	Interior de aparcamento do Edificio Administrativo do Seminario	2 valos con sinais R-307 e letreiros con lenda "Prohibido estacionar dende o venres 18/10 ás 15:00 h. ata domingo 20/10 ás 04:00 horas"

Deberase garantir en todo momento o tránsito peonil na zona, deixando espazo suficiente para que os peóns e usuarios do parque circulen e poidan facer uso do mesmo con seguridade.

A ocupación da vía pública realizarase por medios adecuados que non afecten o estado do pavimento. Deberase evitar calquera tipo de perforación do pavimento ou carga concentrada nun punto.

A organización deberá cumprir a normativa vixente en materia de seguridade e saúde, deberá repoñer ou restituír calquera ben público afectado e serán responsables de tódolos danos que se poidan ocasionar na vía pública e/ou a particulares.

A ausencia de sinalización e das medidas de seguridade que se indican serán motivo suficiente para que a Policía Local poida proceder á paralización do evento ata que estas sexan restablecidas nas debidas condicións.

Lugo, 15 de Outubro de 2024

O enxeñeiro - Xefe de Servizo

Asdo.: Pablo Fuentes Faílde